



ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PUBLICO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA PISTA DE KARTING DA MADALENA.

Artigo 1º.- FUNDAMENTO LEGAL.

De conformidade co disposto nos artigos 20 e seguintes do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, este concello, establece a Taxa por uso e prestación de servizos na Instalación Deportiva Municipal da Pista de Karting, que se rexerá pola seguinte Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o obxecto ou feito imponible desta exacción, a utilización das instalacións deportivas municipais da Pista de Karting da Madalena, abdicadas á práctica do Deporte de motor, e a actividades de formación sobre uso e manexo de vehículos tales como turismos, motocicletas e derivados.

A instalación esta equipada con 16 boxes cubertos dotados de electricidade e instalación de aire comprimido.

Os vehículos que accedan á instalación deportiva da pista de karting de A Madalena, deberán de axustarse ás seguintes características, en funcións das cales se devengará o prezo público pertinente:

Tipos de Vehiculos

- 1. kart:** vehículo monopraza, de motor e sen teito. Carece de suspensións pero si ten elementos de carrozaría. Conta con catro rodas aliñadas, as cales as dianteiras exercen a función de dirección e as traseiras as de tracción, grazas á súa unión a través dun eixo, ao cal lle transmite potencia un motor.
- 2. Moto :** vehículo de dúas rodas, impulsado por un motor que acciona a roda traseira. Componse dun cadro ou chasis e as rodas, as cales a dianteira, exerce a dirección e a traseira a tracción.



- 3. Barqueta, Speed car ou similar:** vehículo deportivo de estrutura tubular , con motor de 600 cc. Ou 1000cc. Conta con catro rodas (dúas en cada eixo), e o eixo traseiro, dispón de diferencial autoblocante e suspensión.
- 4. Quad:** vehículo deportivo estilizado, rápido e xeralmente, destinado a circular por pistas e circuítos. Para poder acceder á instalación, deberá presentar neumáticos propios para a súa utilización sobre superficie asfáltica.
- 5. Turismo:** automóbil destinado ao transporte de viaxeiros ou a competicións deportivas. No caso de vehículo deportivo, só poderá rodar na variante externa do circuíto.

No caso de que o vehículo que un usuario desexe acceder, non se axuste as descrições anteriores, deberá encadrarse no que máis se axuste ou na inmediatamente superior.

As actividades permitidas no Circuíto, son as seguintes :

- 1. Competición non oficial:** é a realizada por un número non inferior a dous participantes a mesma tipoloxía.
- 2. Utilización en exclusiva para espectáculos:** definirase como espectáculo todo aquel acontecemento que teña como fin o divertimento do público asistente
- 3. Presentación de vehículos:** acto dinámico mediante o cal se poderán probar os vehículos presentados, e recibir consellos de seguridade e de prestación por parte dos profesionais.
- 4. Cursos de conducción:** terá a condición de curso de conducción a actividade dirixida á adquisición de coñecementos sobre materias de conducción por parte dos alumnos asistentes, mediante explicacións tanto teóricas como prácticas dun experto ou profesor cualificado.
- 5. Proba de vehículos:** acto que consiste no acceso ao circuíto para testar algún cambio ou peza introducida no vehículo, ou para probar a posta a punto xeral do vehículo.



Artigo 3º.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago deste prezo público, todas as persoas que utilicen as instalacións ou gocen dos servizos da Pista de Karting.

En ningún caso, se pagarán o prezo público en correspondencia aos vehículos utilizados. Un usuario, poderá utilizar máis de un vehículo (dentro da mesma categoría), pero nunca un vehículo poderá ser usado por dúas persoas ao amparo do pago dun único prezo público.

O Pago do prezo publico non inclúe o préstamo de ningún tipo de vehículo, nin demais equipamento para a practica deportiva, que deberá aportarse por o propio usuario.

O uso dos boxes estarán suxeito ao pago da taxa específica para este equipamento.

Artigo 4ª.- PREZO PÚBLICO

O prezo público relativo a utilización das instalacións deportivas municipais da pista de karting da Madalena son as establecidas na seguinte táboa:



TABOA DE TAXAS CIRCUITO DE KARTING DE A MADALENA

	EMPADROADOS	NON EMPADROADOS	FIN DE SEMANA OU FESTIVO	DIAS DE SEMANA (excepto festivos)	PAGO NO CIRCUITO (Só con Tarxeta)
Por utilización de kart (pista compartida)	10€/día	20€/día			30€/día (empadroados; 12€/día)
Por utilización de motos (pista compartida)	12€/día	25€/día			35€/día (empadroados: 15€/día)
Por utilización de outros vehículos (barquetas, speed car, quads ou similares)			75€/día	40€/día	50€/día (só de martes a venres NON FESTIVOS)
Por utilización de Turismos (pista compartida)			400€/día	200€/día	50€/HORA (só dispoñible días de semana, non festivos, e condicionado a dispoñibilidade de pista)
Por utilización do Circuito para Competición Non Oficial			600€/día	250€/día	NON DISPOÑIBLE
Por utilización en exclusiva do Circuito para espectáculos			1000€/día	1000€/día	NON DISPOÑIBLE
Por utilización do Circuito para presentación de vehículos			150€/hora	100€/hora	NON DISPOÑIBLE
Cursos de Condución(para grupos de menos de 10 alumnos, será en réxime de pista compartida)			45€/alumno /día	25€/alumno /día	NON DISPOÑIBLE
Por utilización de karts por parte de menores de 16 anos participantes en competición oficial, ou matriculados en escolas de formación			10€/día (solo dispoñible para grupos superiores a 20 nenos)	10€/día	NON DISPOÑIBLE
Por utilización de motos por parte de menores de 16 anos participantes en competición oficial, ou matriculados en escolas de formación			12,50€/día (solo dispoñible para grupos superiores a 20 nenos)	12,50€/día	NON DISPOÑIBLE
BONO 5 RODADAS KARTS	80€				
BONO 10 RODADAS KARTS	150€				
BONO 5 RODADAS MOTOS	100€				
BONO 10 RODADAS MOTOS	180€				
UTILIZACIÓN DE BOXES CUBERTOS	2,00€ / BOX / día				
Por utilización de espazo colindante ao edificio para colocación de postos de venda de produtos gastronómicos			200€	200€	500€
COLOCACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS			30€/M2 E ANO		
			STANDS DE ATA 20 M2: 30€/día STANDS DE MÁIS DE 20M2:50€/día		



Artigo 5.- DEVENGO

O prezo público, devengarase cando se inicie a prestación de Servizo, ou a utilización do dominio público, mediante a solicitude de prestación ou de acceso ás instalacións.

Artigo 6.- EXENCIÓNS, BONIFICACIONES, E DEVOLUCION DO PREZO PUBLICO:

Estarán exentos do pago do prezo público as Federacións Deportivas Autonómicas Nacionais e internacionais.

Establécense as seguintes bonificacións:

a) bono de 5 rodadas. Establécese un bono de 5 rodadas a un prezo de 80€ para Karts e 100€ para motos.

b) bono 10 rodadas. Establécese un Bono de 10 rodadas a un prezo de 150€ para karts e de 180€ para motos.

c) Gozarán dunha bonificación os empadroados/as no Concello de Forcarei.
karts, do 50%
Motos, do 48%

d) Apoio ao Deporte Base. Establécese unha bonificación do 50% do prezo publico para nenos/as de ata 16 anos(incluído), que se atopen en posesión de licenza federativa autonómica ou nacional. Así mesmo, esta bonificación, aplicarase tamén a nenos/as de ata 16 anos, que se atopen matriculados en escolas formativas debidamente inscritas como tales.

Esta bonificación, será posible en días de semana (de luns a venres),excepto festivos. Para as fins de semana e festivos, cabe a posibilidade de facer efectiva esta bonificación, sempre e cando se solicite para un grupo mínimo



de 20 usuarios, ademais, deberá de presentarse a solicitude cunha antelación mínima de 4 días hábiles.

e) Para empresas cuxo domicilio fiscal se sitúen no Termo Municipal de Forcarei, bonificarase o 100% do prezo público prevista para colocación de elementos publicitarios nas instalacións deportivas da Pista de Karting de A Madalena.

f) Poderanse establecer convenios de colaboración entre o Concello e distintas entidades, tales como: Clubs, Escolas de Formación, empresas e similares, que como contraprestación pola utilización das instalacións, presten algún servizo ao Concello de Forcarei. Nestes supostos, poderase bonificar a tarifa ata o 100%. (Lei 40/2015).

Artigo 7.- PAGAMENTO

O pago do prezo establecido nesta Ordenanza, realizarase mediante o ingreso nas contas habilitadas a tal efecto, en entidades colaboradoras autorizadas polo concello de Forcarei, e sempre con carácter previo e cunha antelación mínima de dous días hábiles, ao uso das instalacións ou á prestación dos servizos correspondentes.

Así mesmo, establécese como forma de pago para as modalidades de motos, karts e barquetas ou similares, o pago con tarxeta de débito nas propias instalacións do Circuito. Para este suposto, será imprescindible, que a capacidade do circuito, fixada en 30 motos e 30 karts (incluídas as reservas), o permita, e logo da cumprimentación da solicitude, e da achega da documentación requirida, se proceda ao pago con tarxeta de débito ou crédito, no terminal que se facilitará segundo o prezo establecido nesta ordenanza.

Prevese a posibilidade de pago online (só para modalidades de motos e karts coas mesmas condicións que a reserva presencial).



Artigo 8. DEVOLUCIÓNS

Só se poderá solicitar a devolución dun prezo público cando se faga cunha antelación mínima de tres días hábiles con respecto ao uso das instalacións Deportivas, ou cando a actividade non se poida levar a cabo como consecuencia do estado das instalacións; para este último suposto, non se considera causa de devolución do prezo público as condicións meteorolóxicas por adversas que estas sexan.

Só se poderá solicitar o aprazamento do uso das instalacións, cando se faga cunha antelación mínima de un día hábil, con respecto ao uso das instalacións deportivas. Non se considera causa de devolución da Taxa as condicións meteorolóxicas por adversas que estas sexan.

No caso do pago do prezo público con tarxeta de débito na propia instalación, só procederá a súa Devolución, cando sexa motivada por unhas condicións ambientais ou meteorolóxicas adversas e repentinas. Entenderase por repentinas, que ditas condicións se presenten antes de transcorridos 30 minutos dende a formalización do pago. A tal fin, deberá de ser o persoal responsable das instalacións quen deberá de informar ao Concello de Forcarei, da situación acontecida.

Forcarei, 17 de decembro de 2018

A Alcaldesa

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta

**BONO DE ACCESO. 5 RODADAS**

Titular										
DNI		Nome e apelidos/Razón social								
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta				
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		/				
Correo electrónico										
Compañía Aseguradora										
Nome da Compañía			Número de Póliza							
Data de Expedición da póliza			Data de Vencemento							
Modalidade										
<input type="checkbox"/> Motos			<input type="checkbox"/> Karts							
Control de Accesos a Instalación										
<table border="1" style="width: 100%;"><tr><td style="width: 20%; height: 100px;">Data __/__/__</td><td style="width: 20%;">Data __/__/__</td><td style="width: 20%;">Data __/__/__</td><td style="width: 20%;">Data __/__/__</td><td style="width: 20%;">Data __/__/__</td></tr></table>						Data __/__/__	Data __/__/__	Data __/__/__	Data __/__/__	Data __/__/__
Data __/__/__	Data __/__/__	Data __/__/__	Data __/__/__	Data __/__/__						
Información importante										
<p>Este bono, é persoal e intransferible, e deberá de presentarse nas instalacións cada vez que se desexa facer uso delas, acompañado de documento oficial probatorio da identidade do titular.</p> <p>Este bono, permite o acceso á instalación do circuíto de a madalena, sen necesidade de reserva previa, se ben, non outorga ningunha prevalencia do titular sobre os demais usuarios.</p> <p>En caso de perda ou extravío, o titular deberá de solicitar ante o Concello de Forcarei, un duplicado do mesmo, que se fará en base ao libro de rexistro presente nas instalacións.</p> <p>Para poder acceder as instalacións deberán de estar en posesión do seguro de accidentes propios, mantendo a súa vixencia, e en todo caso, será responsable de calquera dano sufrido no transcurso da actividade.</p> <p>O presente bono, ten unha validez ata o 31 de decembro do ano de expedición.</p>										

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Forcarei relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



CIRCUITO DE KARTING DE A MADALENA

BONO DE ACCESO. 10 RODADAS

CONCELLO
DE
FORCAREI

Titular					
DNI	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa		Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /	
Correo electrónico					
Compañía Aseguradora					
Nome da Compañía		Número de Póliza			
Data de Expedición da póliza		Data de Vencemento			
Modalidade					
<input type="checkbox"/> Motos			<input type="checkbox"/> Karts		
Control de Accesos a Instalación					
Data / /	Data / /	Data / /	Data / /	Data / /	Data / /
Data / /	Data / /	Data / /	Data / /	Data / /	Data / /
Información importante					
<p>Este bono, é persoal e intransferible, e deberá de presentarse nas instalacións cada vez que se desexe facer uso delas, acompañado de documento oficial probatorio da identidade do titular.</p> <p>Este bono, permite o acceso á instalación do circuíto de a madalena, sen necesidade de reserva previa, se ben, non outorga ningunha prevalencia do titular sobre os demais usuarios.</p> <p>En caso de perda ou extravío, o titular deberá de solicitar ante o Concello de Forcarei, un duplicado do mesmo, que se fará en base ao libro de rexistro presente nas instalacións.</p> <p>Para poder acceder as instalacións deberán de estar en posesión do seguro de accidentes propios, mantendo a súa vixencia, e en todo caso, será responsable de calquera dano sufrido no transcurso da actividade.</p> <p>O presente bono, ten unha validez ata o 31 de decembro do ano de expedición.</p>					

LEY DE PROTECCIÓN DE DATOS

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Forcarei relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



CIRCUITO DE KARTING DE A MADALENA

SOLICITUDE DE ALUGUER.
(Nas Propias Instalacións)CONCELLO DE
FORCAREI

Data: ___/___/___			Número: _____			
Titular						
DNI/CIF		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		
Correo electrónico						
Compañía Aseguradora						
Nome da Compañía			Número de Póliza			
Data de Expedición da póliza			Data de Vencemento			
No caso de máis de un usuario, cubrir os seguintes campos:						
Nome	Apelidos	Dni	Cod. Post.	Nº Póliza	Compañía	Data Venc.
Solicito/amos a utilización do Circuito de A Madalena, na/s seguinte/s modalidade/s:						
___ Motos X 35 € c/u= ___ € (Empadroados 12€) ___ Karts X 30 € c/u= ___ € (Empadroados 10€)			So dispoñible días de semana non festivos. ___ barqueta ou similar X 50 € c/u= ___ € ___ h X 50 € h turismo de competición = ___ €			
Documentación que se acompaña:						
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI <input type="checkbox"/> Fotocopia da tarxeta de Federado			<input type="checkbox"/> Xustificante do pago das Taxas. <input type="checkbox"/> Certificado de empadroamento. <input type="checkbox"/> Outra:			
COA PRESENTE SINATURA:						
1. ASUMO , todas as responsabilidades en caso de accidente, eximindo das mesmas ó Concello de Forcarei . 2. ASUMO E ACATO , as normas vixentes en cada momento e presentes nas instalacións.						
O Titular			Os demais usuarios reflexados nesta solicitude			
En A Madalena, Forcarei, a ___ de _____ de 20__						

LEY DE PROTECCIÓN DE DATOS

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Forcarei relacionados con este trámite, coa finalidade de utilzalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

**SOLICITUDE DE RESERVA**

Data: ___/___/___							
Titular							
DNI/CIF		Nome e apelidos/Razón social					
Rúa				Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio		Provincia		Teléfono		/
Correo electrónico							
Compañía Aseguradora							
Nome da Compañía			Número de Póliza				
Data de Expedición da póliza			Data de Vencemento				
No caso de máis de un usuario, cubrir os seguintes campos:							
NOME	APELIDOS	DNI	COD. POST.	Nº POLIZA	COMPAÑÍA	DATA VENC.	
Solicito o uso do Circuito de Karting de A Madalena, segundo o seguinte:							
DATA	CANTIDADE	MODALIDADE			IMPORTE		
		KARTS					
		MOTOS					
		BOXES (2€/Box/Día)					
		MODALIDADE Nº: (Referenciar nº de modalidade segundo a táboa anexa)					
					TOTAL:		
Documentación que se acompaña:							
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI		<input type="checkbox"/> Xustificante do pago das Taxas.					
<input type="checkbox"/> Fotocopia da tarxeta de Federado		<input type="checkbox"/> Outra:					
COA PRESENTE SINATURA:							
3. ASUMO , calquera responsabilidade que se poida dirimir do uso das instalacións, eximindo das mesmas ó Concello de Forcarei .							
4. ASUMO E ACATO , as normas vixentes en cada momento e presentes nas instalacións.							
O Titular			Os demais usuarios reflexados nesta solicitude				
En A Madalena, Forcarei, a ___ de _____ de 20__							

LEY DE PROTECCIÓN DE DATOS

Consente o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Forcarei relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

TABOIA DE TAXAS CIRCUITO DE KARTING DE A MADALENA

Nº	MODALIDADE	EMPADROADO	NON EMPADROADO	FIN DE SEMANA OU FESTIVO	DIAS DE SEMANA
1	KARTS	10€/día	20€/día	X	X
2	MOTOS	12€/día	25€/día	X	X
3	OUTROS VEHICULOS (Barquetas, Quad, Speed Ou Similares)			75€/día	40€/día
4	TURISMOS (Pista Compartida)			400€/día	200€/día
5	PRESENTACIÓN de vehículos			150€/hora	100€/hora
6	CURSOS de conducción, para grupos inferiores a 10 alumnos, pista compartida			45€/alumno/día	25€/alumno/día
7	KARTS, para menores de 16 anos, federados ou pertencentes a escolas de formación			10€/día (só grupos de +20 usuarios.)	10€/día
8	MOTOS, para menores de 16 anos, federados ou pertencentes a escolas de formación			12,5 €/día (só grupos de + 20 usuarios)	12,50€/día
9	BONO 5 Rodadas KARTS		80€		
10	BONO 10 Rodadas KARTS		150€		
11	BONO 5 Rodadas MOTO		100€		
12	BONO 10 Rodadas MOTO		180€		
13	Competición Non Oficial			600€/día	250€/día
14	Exclusividade Para ESPECTÁCULOS			1000€/día	1000€/día
15	Colocación de POSTOS DE VENDA no Espacio Anexo ao Edificio			200€/día	200€/día
16	Colocación ELEMENTOS PUBLICITARIOS	0€/ano		30€/m ² /ano Stands de ata 20m ² : 30€/día Stands de máis de 20m ² : 50€ día	
17	UTILIZACIÓN DE BOXES CUBERTOS			2,00€ / BOX / día	

Nota: Esta solicitude, presentarase no Concello de Forcarei de xeito presencial ou a través de outros medios, con **2 días hábiles de antelación**. O pagamento da taxa, debe de ingresarse logo da confirmación da dispoñibilidade das instalacións, na conta do Concello na conta cuio IBAN, é seguinte:

ES18 2080 5032 7531 1000 0778, de ABANCA, e notifícalo nas Oficinas Xerais do Concello, con 2 días hábiles de antelación á data de utilización do Circuito.

Enviar por Fax, ao número **986 75 40 82**, por E-Mail: chus@forcarei.net ou ben, entregar nas oficinas Xerais do Concello de Forcarei.

No caso de presentar a solicitude por calquera outro medio distinto do presencial, a orixinal, deberá de entregarse no circuito antes de acceder ao mesmo.



CONCELLO
DE
FORCAREI